

Re-acciona

Capacitando empresas, creando oportunidades

Plans e protocolos de empresa
familiar



XUNTA DE GALICIA

cando as persoas queren, as empresas poden

Re-acciona

INSTRUMENTO DE CONSOLIDACIÓN E PERPETUACIÓN DA EMPRESA FAMILIAR

O protocolo constitúe un marco normativo interno que ofrece á empresa familiar un conxunto de regras de actuación a seguir no ámbito da relación entre empresa e familia, ofrecendo ós accionistas, familiares ou non, solucións a conflitos que poden darse dentro de ditas relacións, coa finalidade de procurar a perpetuación da empresa, promovendo a súa competitividade, fortaleza, continuidade, crecemento e rendibilidade e evitando, desta forma, subordinar o futuro da empresa a intereses particulares ou coxunturais de estirpes familiares ou grupos de accionistas que poidan provocar a desaparición e peche da mesma.



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Re-acciona

INSTRUMENTO DE CONSOLIDACIÓN E PERPETUACIÓN DA EMPRESA FAMILIAR

O protocolo familiar non deixa de ser un documento do que derivan obrigacións contractuais para as partes asinantes e que, por tanto, a súa aplicabilidade pode ser esixida xudicialmente, non podendo deixarse o seu cumprimento á vontade única dalgunha ou dalgunhas das partes.



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Re-acciona

SOLUCIÓN

As principais solucións que o protocolo ofrece ao empresario fundador da empresa familiar son que se relacionan a continuación:

- Manter a súa participación en mans da súa familia directa cando faleza. Impedir, salvo consenso, a entrada de terceiros alleos á familia.
- Asegurar o futuro económico da súa familia por medio da empresa.
- Evitar o fluxo incontrolado de familiares cara á empresa.
- Regular, por normas obxectivas, quen será o novo xerente.
- Regular, por normas obxectivas, quen formará o órgano consultivo.
- Establecer como evitar problemas.
- Fomentar que a familia permaneza unida.
- Regular o suposto de entrada dun socio externo para que as familias permanezan unidas.

Re-acciona

FINALIDADE

As finalidades básicas do protocolo familiar son as seguintes:

- Evitar a dispersión do capital e do poder.
- Fomentar o entendemento, a confianza, a identidade entre os membros da familia, o compromiso de lealdade á empresa e á familia, os valores familiares, os ideais e a boa fe.
- Abordar as discrepancias ou diferencias familia-negocio, diferenciando problemas da familia e da empresa.
- Promover o respecto, a xenerosidade, a actitude positiva e colaboradora, sancionando actitudes obstrucionistas ou de bloqueo sistemático.
- Planificar a perpetuación da empresa para garantir a competitividade, a continuidade, a estratexia de futuro, o crecemento, a diversificación, a rendibilidade e a seguridade.
- Compartir información, actuar en interese da empresa, render contas, ser transparente.
- Aceptar a xerarquía empresarial, a democracia, asumir as decisións maioritarias e buscar o consenso.

Re-acciona

FINALIDADE

- Fomentar a comunicación, o diálogo e evitar enfrontamentos.
- Distinguir accionistas executivos e non executivos, diferenciar ben entre institución familiar, propiedade e xestión.
- Establecer o perfil educacional dos mozos para entrar na empresa, utilizar e aproveitar a experiencia dos maiores.
- Dotar á empresa de estratexia, estabilidade e coherencia na estrutura empresarial.
- Planificar sen ruptura familiar, establecendo un código ético ou de conduta.
- Aclarar as reparticións de autoridade. Delimitar funcións.
- Protexer a empresa da intromisión excesiva da familia. Defender a independencia da empresa. Non subordinar a empresa a intereses conxunturais de estirpes familiares.

Re-acciona

AXENTE COLABORADOR: PARADA Y COTELO

Os servizos serán prestados polo equipo de avogados e asesores de Parada y Coteló, profesionais con ampla experiencia na asesoría xurídica e fiscal de grandes grupos empresariais galegos e pemes con gran potencial de crecemento.

Destaca a experiencia do avogado e profesor universitario, Pablo Parada Arcas, director do proxecto e especialista no desenvolvemento, elaboración e implantación de protocolos de empresa familiar, materia na que conta cunha dilatada experiencia.



Re-acciona

Datos de contacto do axente colaborador

Persoa de contacto: Pablo Parada Arcas

Teléfono: 881 06 82 65

Correo: pablo.parada@paradaycotelo.com

Dirección: Cantón Pequeño, nº 13, 4ºA, A Coruña



Parada Cotelo

ABOGADOS Y ASESORES



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"





reacciona.igape.es

Re-acciona

Programa para a mellora da
competitividade das pemes en Galicia

Capacitando empresas, creando oportunidades



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

